

CASTRO DE SANTA MARÍA DE CERVANTES

Localización:

Atópase na ribeira dos Ancares, en Cervantes (Lugo). Os materiais atopados consérvanse no Museo Provincial de Lugo.

Castro: Castro de Santa María de Cervantes

Localidade: Cervantes (Lugo)

Data escavación: 1995-1996



14

Algunha característica especial:

Sobre os seus restos construíuse unha necrópole medieval empregando pedras do asentamento castrexo. Tiña 63 sepulturas, e na maioría se puideron recuperar restos óseos. Enriba do mesmo sitúase a Igrexa de Santa María.

Descrición do castro:

Documentáronse 23 construcións de uso doméstico, zonas de paso, escaleiras, muros de nivelación e sistemas de drenaxe. Algunhas das construcións tiñan os muros interiores lucidos e pequenas lacenas de pedra. Nunha das vivendas documentouse a existencia dun andar superior.

Está datado na idade de ferro (século I ou II) e ten gran interese polo gran potencial dos seus restos



15